

Outubro 2017

## MUFACE comprométese coa CIG a ter en galego a sede electrónica e a nova web

Na última reunión do Consello Xeral de MUFACE tamén se avanzou que a partir de 2018 haberá dous prazos para poder cambiar de entidade médica e que seguen traballando na aplicación da receita electrónica. Desde a CIG-Ensino puxéronse enriba da mesa algunhas deficiencias observadas na prestación sanitaria ao abeiro deste sistema, nomeadamente casos de incumprimentos das obrigas asistenciais por parte dalgunhas entidades médicas que MUFACE se comprometeu a vixiar e mesmo incluso a sancionar.

Na última reunión do Consello Xeral de MUFACE a CIG volveu denunciar que a sede electrónica desta entidade segue estando unicamente en castelán, o que supón unha discriminación das linguas oficiais como o galego. En resposta á nosa demanda, o director xeral confirmou que agardan que nun par de meses tanto a sede electrónica como a nova web xeral, que está en fase de elaboración, terán versión en galego e que contará cos servizos das direccións provinciais galegas para mantela actualizada no noso idioma.

### Máis facilidades para cambiar de entidade médica

Na mesma reunión do Consello Xeral, os representantes de MUFACE informaron que, a partir do ano 2018, se van habilitar dous prazos para poder cambiar de entidade médica. Até agora só se pode cambiar no mes de **xaneiro** e a partir do ano que vén poderase facer tamén en **xuño**.

### A receita electrónica terá que agardar aínda máis

MUFACE aínda non foi quen de pór en marcha a receita electrónica e seguen negociando coas entidades médicas privadas, os servizos públicos e os colexios médicos e farmacéuticos. É un despropósito que as persoas adscritas a MUFACE (no caso do persoal docente todo o funcionariado en prácticas e de carreira) siga sen poder contar con esta prestación implantada desde hai anos no SERGAS para os usuarios do réxime xeral.



### A emerxencia vital quedará xustificada polo 061

Cando unha persoa mutualista que ten a atención sanitaria cunha entidade privada ten unha urxencia médica só pode acudir aos centros hospitalarios que figuran no cadro médico desa entidade e non aos centros sanitarios dependentes do SERGAS. No caso de ser atendido nalgún destes hospitais públicos a entidade médica privada non se fará cargo dos custos e será o mutualista quen terá que pagar todos os gastos derivados da atención médica recibida.

Porén, cando se acredita que a intervención hospitalaria no SERGAS está motivada por unha urxencia vital todos os gastos ficarán cubertos, sendo pagados pola entidade médica.

A novidade a partir do 2018, segundo informaron no Consello Xeral de MUFACE, é que no caso de que haxa unha valoración previa do 061, o informe deste será vinculante para a entidade médica.

### Seguimento de incumprimentos das obrigas das entidades médicas privadas

MUFACE comprometeuse a facer un mellor seguimento de incumprimentos como as denominadas "transferencias de riscos" que desde a CIG denunciámos en varias ocasións, ao advertir que determinadas entidades médicas tiñan posto escusas para desfacerse das persoas mutualistas que precisan servizos cun elevado custe (tratamentos oncolóxicos, psiquiátricos...). Así, temos detectado casos de demoras nos volantes para probas diagnósticas, especialmente con probas adicionais para determinar unha patoloxía concreta. Eses atrancos levan, en ocasións, a que os mutualistas cambien de entidade. Agora MUFACE di que aplicará as sancións que sexa oportunas.

Desde a CIG-Ensino estaremos vixilantes ante calquera incumprimento que se poida producir para denunciálo ante MUFACE e instamos a todo o profesorado galego que a día de hoxe ten a atención médica cunha entidade médica privada a que denuncien calquera irregularidade que se produza e que a poña no noso coñecemento para que desde o sindicato fagamos seguimento dela ante MUFACE.

Nos últimos anos constatouse unha alta significativa de mutualistas na atención sanitaria prestada polo SERGAS, en porcentaxes similares a como está evolucionado o cambio de entidades no conxunto do Estado.

### MUFACE pagámolo nós.

Desde a CIG manifestamos a nosa crítica a que o incremento das achegas aos orzamentos de MUFACE sexa maior no caso dos mutualistas que o da propia MUFACE. No anteproxecto de orzamentos para 2018 recóllese un incremento nos nosos descontos das nóminas para MUFACE dun 3,20%, mentres que o propio Estado só aumenta a súa parte nun 2,35%. Con estas medidas vaise incrementando progresivamente a porcentaxe coa que os mutualistas complementamos os insuficientes fondos públicos destinado polo Estado a MUFACE.



### Mantéñense os recortes nas prestacións sanitarias e sociais

Non hai cambios nos recortes das prestacións sanitarias e asistenciais, que seguirán moi por debaixo das contías que existían antes de que a escusa da crise levase por diante moitas das melloras que como mutualistas tiñamos. As contías das axudas, neste momento, mantéñense como figuran no seguinte cadro.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal

## RESUMO DAS PRESTACIÓNS SOCIAIS E SANITARIAS DE MUFACE

CONCEPTO	IMPORTE
Reintegro de produtos farmacéuticos (por enfermidades profesionais, accidentes no posto de traballo, algunhas patoloxías, algúns inhaladores infantís...)	Dependendo do caso vai desde unha pequena porcentaxe ao reintegro da totalidade.
Dentadura completa	200€
Dentadura superior ou inferior	100€
Peza dentaria, funda ou coroa	20€
Empaste, obturación ou reconstrución (cada un)	10€
Implante osteointegrado (12 máximo)	60€
Ortodoncia (menores de 18 anos)	250€
Endodoncia	20€
Gafas (lonxe ou perto)	20€
Gafas bifocais/progresivas	30€
Substitución de cristais lonxe ou perto	10€
Substitución de cristais bifocais/progresivos	15€
Lente de contacto (2 por ano)	20€
Lente de contacto desbotábel (axuda anual)	30€
Lente terapéutica	40€
Axudas ópticas para baixa visión	180€
Axudas prismáticas para alteracións severas de motilidade ocular	80€
Audífono	300€
Colchón ou colchoneta antiescaras	125€
Laringófono	1100€
Próteses externas	Diferentes contías dependendo do tipo de prótese e da necesidade
Cadeiras de rodas	
Órteses	
Próteses especiais	

Nota: como única novidade hai que ter en conta que os coidados paliativos no domicilio da persoa doente quedarán expresamente recollidos.